

FORMACIÓN DE CIUDADÁNS CONSCIENTES. NOTAS SOBRE A CAPACIDADE CRÍTICA DO ESTUDANTADO UNIVERSITARIO

CACHAFEIRO CHAMOSA, LUIS CARLOS

IES Pontepedriña Santiago de Compostela

Departamento de Didácticas Aplicadas, Universidade de Santiago de Compostela

Na actual sociedade global, con importantes retos sobre seguridade e privacidade, e no que en moitos casos se asumen e transmiten falsidades que, inconscientemente moitas persoas propagan, cómpre unha cidadanía crítica para que os cambios sociais que se produzan camiñen cara ao beneficio do conxunto e non dunha minúscula parte da sociedade.

No XXX Congreso de ENCIGA mencionabamos algúns dos poderes globais con capacidade para actuar de xeito directo sobre centos de millóns de persoas. Parte dese poder reside na pouca cultura crítica na que penso estamos instalados. A dificultade actual de identificar os erros nunha nova de xornal é unha mostra da vulnerabilidade dos cidadáns e das deficiencias na formación (Paulos, 1996).

Diciamos no XXX Congreso que: « a veneración que se ten na actualidade do publicado como noticia debe facernos pensar que a sociedade está exposta ao engano por parte dese poder mediático que colabora cos outros para influír nos cidadáns. Incrementar a capacidade de análise crítico do noso alumnado será unha tarefa importante e que nos conecta con experiencias educativas enriquecedoras como as do Grupo Cero de Valencia, de Enma Castelnuovo, do grupo holandés IOWO entre outros» (Cachafeiro, 2017).

Hoxe en día as persoas temos acceso a moita información, aínda que moita se encontre escondida e non sexa doado acceder a ela. Con carácter xeral, os medios repiten as supostas verdades que o público consume porque algunhas, que si o son, están practicamente vedadas. Adoito, chegar á verdadeira información pode supoñer un custo en tempo que non todo o mundo considera importante. As novas son lidas agora moi por enriba e o público xa está pouco acostumado a unha lectura reflexiva. Parece que non hai tempo para unha análise exhaustiva da información.

Observamos outro dos problemas actuais, agravado nas novas xeracións: estar ocupados con tarefas de pouca transcendencia, que consideran absolutamente imprescindibles. Non queren, e en moitos casos xa non poden, prescindir dese tempo, como nos videoxogos ou apostas deportivas.

Algunhas destas cuestións xa as analizara na comunicación presentada en Allariz e nesta comunicación continuamos en parte con aquela análise e incorporamos experiencias con alumnado do Máster de Profesorado e do Grado de Mestre/a en Educación Primaria. Estas experiencias teñen que ver coa capacidade de analizar de xeito crítico, matematicamente falando neste caso, certa información que se

lles presenta. Polas características do noso traballo, o enfoque irá estudar se son capaces de detectar erros matemáticos como valores disparatados dunha magnitude, como o volume, caudal ou superficie por exemplo ou erros doutro tipo. E os resultados no alumnado universitario (de Grado e Máster) no que impartimos docencia, son, podíamos dicir, case dramáticos, deducindo que ou ben non teñen control sobre os valores que poden tomar as magnitudes ou o feito de que aparezan publicados vólveselles un obstáculo insalvável como para podelo criticar. Sospeito que se trata de que non están afeitos a ser conscientes de que quen publica certa información pode cometer unha serie de erros, mais sobre todo pode ter unha incapacidade para volverse críticos co publicado.

É curioso pensar que nalgúns casos, esa análise sexa máis efectiva con alumnado de ESO que co alumnado universitario. Penso que ese éxito relativo acadado nestas tarefas de lectura reflexiva co alumnado de ESO está relacionado co feito de ter empregado previamente algún tipo de situación análoga. Serán mañá capaces de lembrar desa experiencia para ser capaz de pór en cuestión, cando menos unha parte das informacións que lles chegan?

Considero interesante potenciar este sentido crítico o que podería facerse se noutras materias da área científica se lles dedicara algunha sesión a esta forma de análise sobre publicacións non científicas.

REFERENCIAS

Paulos, J.A., (1996). *Un matemático lee el periódico*, Barcelona, España: Tusquets Editores.

Cachafeiro Chamosa, L.C., (2017). Matemática e responsabilidade social. *Boletín das Ciencias, Boletín das Ciencias*, 84, 99-100.